

## SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN DE NOVOS PROXECTOS DE ENERXIAS RENOVABLES.

**Bases reguladoras das subvencións a proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.**

*RESOLUCIÓN do 23 de decembro de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2016.*

[http://www.inega.es/sites/default/descargas/subvencions/SubvencionsPDF/AnuncioO3G1-231215-0002\\_gl.pdf](http://www.inega.es/sites/default/descargas/subvencions/SubvencionsPDF/AnuncioO3G1-231215-0002_gl.pdf)

**PRAZO PRESENTACION DE SOLICITUDES:** Dende o 15/01/2016 - ata o 15/02/2016.

### FORMA DE PRESENTACION DAS SOLICITUDES:

- Vía electrónica: a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es> desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.es>)
- En soporte papel, utilizando o formulario normalizado disponible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

O formulario de solicitude ( anexo II) só poderá ser cuberto e confirmado acudindo á aplicación informática disponible no citado enderezo electrónico.

### OBXETO DA SUBVENCIÓN:

O obxecto destas subvencións é apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso das enerxías renovables. Os proxectos limitaranse a instalacións para o quecemento dun fluído mediante equipamentos que utilicen como fonte enerxética a xeotérmica, aerotérmica ou a solar térmica.

### BENEFICIARIOS:

Poderán acceder á condición de beneficiarios das presentes subvencións;

1. As entidades locais de Galicia e entidades dela dependentes.
2. A administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades instrumentais dela dependentes.
3. As persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, as súas agrupacións e asociación.

Quedan excluídas aquelas empresas que non teñan a consideración de PEMEs.

### SERÁN SUBVENCIÓNABLES:


1. Equipamento principal de xeración enerxética (bomba de calor ou paneis solares).
2. Custe de montaxe e conexión.
3. Accesorios para o correcto funcionamento do sistema salvo os equipos emisores que non formen parte do equipo xerador e os elementos de distribución da calor fora da sala de caldeiras.
4. No caso da enerxía xeotérmica, o sistema de captación do recurso xeotérmico: sondeos, intercambiadores, acumuladores, tuberías, etc.

A tal efecto, as instalacións financiadas deben cumprir cos requisitos establecidos no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas de Edificios (RITE), así como calquera outra normativa nacional, rexional ou local que lles sexa de aplicación.

### INTENSIDADE DE AXUDA:

A intensidade máxima da axuda, segundo tipo de beneficiario, será a seguinte:

- 75 % para o caso de administracións públicas.
- 50 % para as persoas físicas e entidades sen ánimo de lucro.
- 40 % para as medianas empresas, incrementándose en 10 puntos porcentuais para as pequenas empresas.



A contía máxima da axuda por proxecto será de 50.000 € no caso das bombas de calor xeotérmicas e de 20.000 € na aerotermia e solar térmica.

**DATA LÍMITE DE XUSTIFICACIÓN:** 15 de Outubro de 2016 (inclusive).

**MAIS INFORMACIÓN:**

- **Na páxina web do Inega** ([www.inega.es](http://www.inega.es)).
- **No teléfono** 981 54 15 00 (Inega).
- **Presencialmente**, no Inega (rúa Avelino Pousa Antelo, 5. San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela), previa cita no teléfono 981 54 15 00.

